



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE O ÍNDICE DE PRODUCCIÓN INDUSTRIAL

Setembro 2024

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2024


Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web: <http://www.ige.eu>

Índice de producción industrial (IPI). Setembro 2024

- O Índice de producción industrial (IPI) de Galicia, registrou en setembro de 2024 un crecemento do 1,5% con respecto a setembro de 2023; en España o índice medrou o 0,1%.
- Tendo en conta o destino económico dos bens producidos os bens de consumo medraron un 3,7% e os bens de equipo un 2,1% mentres que os bens intermedios baixaron un 1,2%. Pola súa parte, a enerxía aumentou un 1,3%.
- Por ramas de actividade as achegas positivas mais destacables corresponden a: "confección de roupa de vestir" e "fabricación de maquinaria e equipamento" que achegan 0,8 puntos cada unha e "reparación e instalación de maquinaria e equipamento" que engade 0,7 puntos a taxa interanual.
- No que respecta ás repercusións negativas, as principais foron: a "fabricación doutros produtos minerais non metálicos" que detrae 0,6 puntos e a "metalurxia" que resta 0,5 puntos a taxa interanual.

Índice de producción industrial (IPI). Setembro 2024

Taxa de variación do índice xeral e achegas dos compoñentes en %



Índice

VARIACIÓNS (%)

Interanual

No que vai de ano

| | | | |
|-------------------------|-------|------|------|
| Xeral | 93,8 | 1,5 | 1,9 |
| Bens de consumo | 99,3 | 3,7 | 5,8 |
| Bens de equipo | 109,6 | 2,1 | -2,8 |
| Bens intermedios | 88,9 | -1,2 | -1,4 |
| Enerxía | 74,2 | 1,3 | 8,0 |

1. Índice xeral e por destino económico dos bens

O Índice de produción industrial (IPI) de Galicia rexistrou en setembro de 2024 un crecemento do 1,5% con respecto a setembro de 2023; en España o índice medrou o 0,1%.

Por destino económico dos bens, a influencia dos distintos sectores na variación interanual do índice xeral é a seguinte:

- Os **bens de consumo** presentan un crecemento do 3,7%, e suman 0,9 puntos a taxa interanual.
- Os **bens de equipo** aumentan o 2,1%, o que engade 0,7 puntos á taxa interanual.
- Os **bens intermedios** rexistran unha taxa do -1,2%, cunha repercusión de -0,3 puntos.
- Por último, a **enerxía**, que medra un 1,3% e achega 0,2 puntos á taxa de variación interanual do conxunto.

Estes datos móstranse no cadro 1 do anexo.

2. Índices por ramas de actividade

Se utilizamos a clasificación nacional de actividades económicas (CNAE 09) a nivel de división para facer unha análise máis detallada do comportamento das distintas ramas de actividade obtemos os resultados que se mostran no cadro 2 do anexo. As ramas de actividade están ordenadas segundo a repercusión que teñen na variación interanual do índice xeral.

Atendendo ás distintas ramas industriais, o incremento interanual do 1,5% en setembro débese principalmente á contribución positiva (4,4 puntos) de quince ramas; as principais foron: a "confección de roupa de vestir" e a "fabricación de maquinaria e equipamento" que achegan 0,8 puntos cada unha e a "reparación e instalación de maquinaria e equipamento" que engade 0,7 puntos a taxa interanual.


No que respecta ás repercusións negativas (-2,9 puntos) de once ramas, as principais foron: a "fabricación doutros produtos minerais non metálicos" que detrae 0,6 puntos e a "metalurxia" que resta 0,5 puntos a taxa interanual.

3. Índices por comunidades autónomas

O IPI aumentou en oito Comunidades Autónomas neste mes de setembro. Os maiores incrementos rexistráronse en Aragón (5,9%), La Rioja (4,9%) e Castilla y León (4,8%). As maiores caídas rexístranse en Canarias (-8,1%) e Cantabria (-5,2%).

IPI setembro 2024

Taxas de variación en %




No que vai de ano, o índice aumenta en nove comunidades autónomas. Os maiores crecementos rexístranse en Castilla y León (5,3%) e Cataluña (3,3%).

4. Evolución do índice

No seguinte gráfico mostramos a evolución das taxas de crecemento interanuais do índice xeral para Galicia e para España en termos de ciclo - tendencia que se obtén estimando un modelo ARIMA para cada unha das series, e obtendo o sinal de ciclo - tendencia utilizando a descomposición baseada en modelos que resulta do programa JDemetra.

IPI. Taxas de variación interanual (%). Ciclo-tendencia



Notas metodológicas

O IPI é un indicador conxuntural que mide a evolución mensual da actividade produtiva das ramas industriais, é dicir, das industrias extractivas, manufactureiras, fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado e fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación, que son, respectivamente, as seccións B, C, D e E da Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009 (CNAE 2009). Mide, por tanto, a evolución conxunta da cantidade e da calidade producidas, eliminando a influencia dos prezos.

Para a súa obtención realízase unha enquisa continua de periodicidade mensual que investiga todos os meses a aproximadamente 11.500 establecementos en España.

Anexo cadros

Cadro 1.- Índice de produción industrial. Setembro 2024

| | ÍNDICE | VARIACIÓN (%) | | REPERCUSIÓN (%) | |
|------------------|--------|---------------|-------------------|-----------------|-------------------|
| | | INTERANUAL | NO QUE VAI DE ANO | INTERANUAL | NO QUE VAI DE ANO |
| Galicia | | | | | |
| Xeral | 93,8 | 1,5 | 1,9 | -- | -- |
| Bens de consumo | 99,3 | 3,7 | 5,8 | 0,9 | 1,4 |
| Bens de equipo | 109,6 | 2,1 | -2,8 | 0,7 | -0,9 |
| Bens intermedios | 88,9 | -1,2 | -1,4 | -0,3 | -0,3 |
| Enerxía | 74,2 | 1,3 | 8,0 | 0,2 | 1,7 |
| España | | | | | |
| Xeral | 102,8 | 0,1 | 0,2 | -- | -- |
| Bens de consumo | 104,3 | -0,2 | 1,9 | 0,0 | 0,5 |
| Bens de equipo | 113,8 | -3,4 | -0,8 | -0,9 | -0,2 |
| Bens intermedios | 97,2 | 1,9 | 0,5 | 0,6 | 0,2 |
| Enerxía | 98,0 | 2,1 | -1,3 | 0,4 | -0,2 |

Fonte: NE

Cadro 2.- IPI por ramas de actividade. Galicia. Setembro 2024

| Ramas | VARIACIÓN (%) | | | | Ponderacións |
|---|---------------|-------------|-------------------|-------------|--------------|
| | Interanual | Repercusión | No que vai de ano | Repercusión | |
| Total | 1,5 | | 1,9 | | |
| Confección de roupa de vestir | 45,2 | 0,8 | 8,6 | 0,2 | 1,8 |
| Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n. | 17,9 | 0,8 | 13,1 | 0,5 | 2,8 |
| Reparación e instalación de maquinaria e equipamento | 13,5 | 0,7 | 4,0 | 0,2 | 4,8 |
| Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaría | 13,4 | 0,6 | 1,6 | 0,1 | 4,6 |
| Fabricación de produtos de caucho e plásticos | 15,6 | 0,4 | 1,6 | 0,0 | 2,3 |
| Industria química | 18,0 | 0,3 | -2,7 | 0,0 | 1,9 |
| Fabricación de bebidas | 6,5 | 0,3 | 16,0 | 0,7 | 3,8 |
| Outras industrias manufactureiras | 16,9 | 0,1 | 8,5 | 0,1 | 0,7 |
| Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado | 0,9 | 0,1 | 6,7 | 1,2 | 19,4 |
| Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos | 13,6 | 0,1 | 0,4 | 0,0 | 0,8 |
| Artes gráficas e reprodución de soportes gravados | 5,3 | 0,0 | -16,7 | -0,1 | 1,0 |
| Industria do papel | -5,3 | -0,1 | 12,8 | 0,1 | 1,2 |
| Industria da alimentación | -0,4 | -0,1 | 1,6 | 0,2 | 14,9 |
| Industria téxtil | -15,6 | -0,1 | -13,7 | -0,1 | 0,8 |
| Fabricación de material e equipamento eléctrico | -14,0 | -0,1 | 0,9 | 0,0 | 0,5 |
| Outras industrias extractivas | -7,8 | -0,1 | 7,5 | 0,1 | 1,1 |
| Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento | -3,0 | -0,3 | -2,7 | -0,2 | 8,6 |
| Fabricación de mobles | -14,6 | -0,4 | -0,5 | 0,0 | 1,3 |
| Fabricación doutro material de transporte | -14,8 | -0,4 | 7,5 | 0,1 | 1,9 |
| Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques | -2,6 | -0,4 | -10,2 | -1,6 | 13,3 |
| Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixaxes | -14,7 | -0,5 | -1,0 | 0,0 | 5,1 |
| Fabricación doutros produtos minerais non metálicos | -14,3 | -0,6 | -13,5 | -0,5 | 3,2 |
| Industria do coiro e do calzado | * | * | * | * | * |
| Coquerías e refinación de petróleo | * | * | * | * | * |
| Fabricación de produtos farmacéuticos | * | * | * | * | * |
| Captación, depuración e distribución de auga | * | * | * | * | * |

Fonte: NE

(*) Poucas observacións mostrais, polo que o dato está afectado por un alto erro de mostraxe.

Cadro 3.- IPI por Comunidades Autónomas. Setembro 2024

| CCAA | ÍNDICE | VARIACIÓN (%) | |
|----------------------|--------------|---------------|-------------------|
| | | INTERANUAL | NO QUE VAI DE ANO |
| España | 102,8 | 0,1 | 0,2 |
| Galicia | 93,8 | 1,5 | 1,9 |
| Andalucía | 100,9 | -0,9 | -3,0 |
| Aragón | 110,4 | 5,9 | 1,2 |
| Asturias | 89,6 | -4,1 | -3,9 |
| Baleares (Illes) | 109,1 | -1,3 | -5,8 |
| Canarias | 110,2 | -8,1 | 1,9 |
| Cantabria | 88,0 | -5,2 | -4,6 |
| Castilla - La Mancha | 110,4 | -1,2 | -1,0 |
| Castilla y León | 102,9 | 4,8 | 5,3 |
| Cataluña | 99,4 | -0,8 | 3,3 |
| Comunitat Valenciana | 98,8 | -1,4 | -4,3 |
| Extremadura | 116,5 | 1,8 | 1,5 |
| Madrid | 115,9 | -0,1 | -1,3 |
| Murcia | 98,1 | 0,3 | 0,5 |
| Navarra | 108,5 | 1,9 | 1,5 |
| País Vasco | 105,3 | 0,1 | -0,7 |
| Rioja (La) | 102,5 | 4,9 | -0,1 |

Fonte: INE